

DEMOSTRATIVOS EN GALEGO

Os demostrativos son para presentar o nome ou sustantivo indicando a proximidade ou lonxanía.

Singular masculino: Este, ese, aquel

Singular feminino: Esta, esa, aquela

Plural masculino: Estes, eses, aqueles

Plural feminino: Estas, esas, aquelas

Ex: Ese rapaz loiro vive en Cambados

Aquelas rapazas alegres estudan en Santiago

CONTRACCIÓNS DOS DEMOSTRATIVOS EN GALEGO

Os demostrativos en galego contraen coas preposicións *en* e *de*:

Ex: Daquela cadela naceron estes cans.

Deste rapaz rebelde non esperes cariño.

Neste pobo triste viven moitos ladróns

Nesas aldeas puxeron internet.

Os demostrativos tamén contraen con *outro/s*, *outra/s*,

Estoutro can é máis bo.

Aqueloutra aldea está noutro concello.

Nesoutro lugar son boa xente

Naqueloutra praia fai máis vento.